

Verán 2026

O Campus Sar ábrelle a porta a un verán de piscina, deporte e risas

Ofrecerá excursións, xincanas, baile, xogos, inglés ou sesións de pádel, tenis e baloncesto

Redacción

O verán no Multiusos Fontes do Sar volverá estar marcado pola piscina, o deporte, os obradoiros e as actividades en equipo. Os centros MultiSan veñen de abrir a inscrición para unha nova edición do Campus Sar, un campamento multidisciplinar que chega este ano á súa décimo cuarta convocatoria coa intención de ofrecer á rapazada unha experiencia lúdica, formativa e variada durante as vacacións.

A actividade está dirixida a nenos e nenas de entre 4 e 16 anos e desenvolverase en quendas semanais ao longo de todo o verán, desde o 22 de xuño ata o inicio do curso escolar en setembro. O horario ordinario será

de 8.45 a 14.30 horas, aínda que as familias terán a posibilidade de ampliar a entrada desde as 8.00 horas. Ademais, o Campus Sar contará con servizo de comedor e recollida ata as 16.00 horas, co obxectivo de facilitar tamén a conciliación familiar.

A piscina, as actividades deportivas e os obradoiros serán os eixos principais da programación, pero a oferta irá moito máis alá. A rapazada poderá participar en xincanas, sesións de pádel e tenis, baloncesto, baile, inglés, xogos cooperativos e excursións, entre outras propostas. Cada semana xirará arredor dunha temática diferente, o que permitirá renovar a experiencia para quen participe en varias quendas. A reciclaxe, o mundo da selva, os Xogos Olímpicos, os xogos tradicionais, os trans-



A rapazada participante no Campus Sar celebrado o pasado verán.

portes ou o Camiño de Santiago serán algúns dos fíos condutores do campamento.

O prezo semanal do campamento parte dos 47,30 euros. A inscrición xa está aberta para as persoas abonadas aos centros MultiSan, é dicir, o Multiusos Fontes do Sar e Santa Isabel. No caso das persoas non asociadas, o prazo abriase a partir do 1 de xuño. As prazas son limitadas e cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Toda a información está dispoñible na páxina web multiusos.net. ■



No campamento non faltarán os baños diarios nas piscinas do Sar.

CAMPUS SAR

PARA NENOS E NENAS DE ENTRE 4 E 16 ANOS

MULTIUSOS FONTES DO SAR



DESDE **47,3€** semana



Dende o **22 de xuño** ata o inicio do curso escolar.

Deporte · xogos · piscina · obradoiros · excursións · inglés

Horario 8:45 a 14:30h.
Opción de ampliación de 8 a 15h e **comedor** ata as 16h.

Abonados/as: inscrición preferente no QR ata o 31 de maio.
Non abonados/as: inscrición a partir do 1 de xuño.



Verán 2026

Un verán de tirolina, kayak e bici: aventura en Galipark

A rapazada contará con monitorado as 24 horas e gozará dun feixe de actividades, das sesións de piscina e das reunións nocturnas

Redacción

Unha semana para cambiar as pantallas polas tirolinas, as rutinas polas rutas en bicicleta e as noites na casa polas veladas compartidas. Esa é a proposta de Galipark para este verán, no que volverá organizar campamentos semanais durante os meses de xullo e agosto cun programa centrado na aventura, a convivencia e as actividades ao aire libre.

Os campamentos terán formato de estancia completa. A entrada en cada quenda realizarase os domingos a partir das 16.00 horas e a saída será o sábado seguinte antes das 12.00 horas. O prezo por semana é de 440 euros, con todo incluído: pensión completa con almorzo, comida, merenda e cea; monitorado as 24 horas; actividades multiaventura todos os días; veladas nocturnas; e seguro de responsabilidade civil e accidentes.

As quendas previstas son do 28 de xuño ao 4 de xullo, do 5 ao 11 de xullo, do 12 ao 18 de xullo, do 19 ao 25 de xullo, do 26 de xullo ao 1 de agosto, do 2 ao 8 de agosto, do 9 ao 15 de agosto e do 16 ao 22 de agosto.

A actividade desenvolverase con monitorado durante todo o día e ta-



CEDIDA

Unha das actividades en altura cos dispositivos de seguridade necesarios.

mén durante a noite, cunha ratio dun monitor por cada dez nenos. A estancia será en bungalows equipados con liteiras e taquillas. Cada bungalow ten capacidade para 12 participantes.

O programa de actividades inclúe tiro con arco, circuitos multiaventura, tirolinas, pontes colgantes, LaserTag, rutas en bicicleta, piscina, deslizador acuático, kayak e veladas nocturnas, entre outras propostas. O obxectivo é que a rapazada viva unha experiencia

completa, con actividade física, contacto coa natureza, autonomía e convivencia todos os días da quenda.

No apartado da alimentación, Galipark sinala que se adapta a calquera tipo de alerxia ou intolerancia alimentaria, adecuando o menú ás necesidades de cada caso.

Con esta proposta, Galipark busca ofrecer un campamento de verán no que a aventura poida formar parte de toda a experiencia. ■

Don Bosco promove un lecer con valores

Redacción

O Centro Don Bosco xa ten en marcha o Bosco Verán 2026, unha programación completa de actividades para nenos e nenas de 4 a 14 anos e para mozos e mozas de 14 a 17. A proposta desenvolverase ao longo de todo o verán cun enfoque lúdico e educativo, centrado na convivencia, o compañeirismo, o bo trato, a cooperación e a igualdade.

As actividades organizaranse por idades, con equipos de monitores propios e espazos específicos para cada grupo. Desenvolveranse principalmente nos patios, pistas deportivas e zonas verdes do centro, aínda que tamén haberá saídas ocasionais a parques ou áreas próximas. En caso de chuvia, Don Bosco dispón de espazos interiores adaptados.

A programación comezará a finais de xuño e continuará en xullo coas Mañás no Bosco I, dirixidas a grupos de pequenos, medianos e maiores, desde os 4 ata os 14 anos. Para a mocidade de 14 a 17 anos ofrecerase Xóvenes Activos, un curso de premonitor con 20 horas teóricas e 40 prácticas no ámbito do tempo libre educativo, que contará con certificado acreditativo ao remate.

En xullo tamén se celebrarán acampadas para cativos, maiores e



CEDIDA

Campamento do Centro Don Bosco.

xuves, nas que os participantes durmirán e comerán no centro. A actividade comezará o xoves correspondente ás 10.00 horas e rematará o venres ás 14.00 horas, incluíndo merenda e cea do xoves, así como almorzo e merenda de media mañá do venres.

A primeira quincena de agosto será a quenda de San Pedrines, para cativada de 4 a 8 anos, e do Campamento Urbano, con propostas para rapazada de 8 a 14 anos e de 14 a 17.

O programa pecharase a finais de agosto e en setembro coas Mañás no Bosco II, que volverán ofrecer actividades para pequenos, medianos, maiores e para o grupo xuvenil. ■

GALIPARK

CAMPAMENTOS DE VERANO

AVENTURA, DIVERSIÓN Y AMISTAD

¡Un verano inolvidable!

440€

POR SEMANA

TODO INCLUIDO

- TURNOS -

- 1 Del 28 de junio al 4 de julio
- 2 Del 5 al 11 de julio
- 3 Del 12 al 18 de julio
- 4 Del 19 al 25 de julio
- 5 Del 26 de julio al 1 de agosto
- 6 Del 2 al 8 de agosto
- 7 Del 9 al 15 de agosto
- 8 Del 16 al 22 de agosto

ACTIVIDADES

TIRO CON ARCO

CIRCUITOS MULTIAVENTURA

TIROLINAS

PUENTES COLGANTES

PAINTBALL LASER

RUTAS EN BICI

PISCINA

DESLIZADOR ACUÁTICO

KAYAK

EXCURSIONES

VISITAS CULTURALES

VELADAS NOCTURNAS

ENTRADA: Domingos a partir de las 16:00 h

SALIDA: Sábados antes de las 12:00 h del mediodía

MONITORES 24 HORAS

4 COMIDAS DIARIAS

ACTIVIDADES DURANTE TODO EL DÍA

ALOJAMIENTO INCLUIDO

981 811 708

697 61 32 63

www.galipark.com

Nos adaptamos a cualquier tipo de alergia o intolerancia alimentaria, adecuando el menú a cada caso.

Desde el 23 de Junio hasta el 1 de agosto

Summer Camp

JUEGOS, CANCIONES, MANUALIDADES, COCINA, YOGA, SALIDAS A LOS PARQUES, BAILE...

Horario actividades: de 10 a 13:30 h. Llegada desde las 9:30 y recogida hasta las 14 h.
Horario conciliación: desde las 08:45 hasta las 14:45 h.

Plazas muy limitadas, ¡no olvides reservar la tuya!

de 3 a 10 años | 100% en inglés | horario de mañanas
Santa Marta de Arriba, 18 baixo - 15706 | Tel: 881 510 841 - 624 132 122
info@flyingfun.es | www.flyingfun.es

¡Diversión y aprendizaje asegurados!

INSCRIBETE

Programa ininterrumpido de actividades de conciliación familiar para infancia e mocidade no período de verán dando o 22 de xuño ao 9 de setembro

www.cxdonbosco.org | 901582243

BOSCO VERÁN

2026

Verán 2026

Ría de Arosa 2: Respirar fondo e gozar en familia

O complexo de Balteiro-Oleiros, en Ribeira, combina natureza, piscina, bungalows, zona de acampada, restauración e actividades variadas



CEDIDA

converten uns días de descanso nun recordo: parque infantil, camas elásticas, tren infantil, piscina de chapoteo, animación e zonas pensadas para que os nenos e nenas se divirtan con seguridade mentres os adultos descansan.

A proposta complétase con actividades para quen quere moverse e descubrir a contorna: excursións cicloturísticas, rutas marítimas, sendeirismo, trekking, tenis, tiro con arco, cancha multiusos, mesas de ping-pong e cuadríciclos. Unha combinación de natureza, deporte e lecer que converte o camping nunha opción especialmente atractiva para familias que buscan algo máis ca aloxamento.

O recinto conta ademais con servizos prácticos como wifi gratuito, asistencia sanitaria, bar-restaurante e supermercado, o que facilita unha estancia cómoda sen renunciar ao espírito das vacacións ao aire libre.

Camping Ría de Arosa 2 preséntase así como unha alternativa para vivir uns días sen présas, en contacto coa natureza e con propostas para todas as idades. Un lugar para respirar fondo, desconectar e deixar que os nenos — e tamén os adultos — volvan gozar coma nenos. ■

O faro de Corrubedo é un dos enclaves máis visitados en Ribeira.

Redacción

Baixar o ritmo, apagar o ruído e volver ao esencial: natureza, aire libre, xogos, piscina e tempo compartido en familia. Esa é a proposta de Camping Ría de Arosa 2, un camping rural situado en Santa Uxía de Ribeira, na zona de Balteiro-Oleiros, pensado para quen busca unhas vacacións cómodas, activas e rodeadas de natureza.

Baixo o lema “respira fondo”, o

camping convida a gozar dunha estancia na que non é preciso saír das instalacións para atopar plans. A súa oferta combina bungalows, zona de acampada, piscina, restaurante, supermercado e diferentes espazos de lecer para que pequenos e maiores poidan vivir as vacacións ao seu ritmo.

Natureza, deporte e lecer

Para as familias, Camping Ría de Arosa 2 reúne moitos deses ingredientes que

Robótica e realidade virtual en Aula Desafío

CEDIDA



Actividade de Aula Desafío.

Redacción

Aula Desafío xa ten abertas as inscricións para os seus campamentos de 2026 en Santiago, unha proposta dirixida a nenos e nenas de 5 a 12 anos que combina actividades tecnolóxicas, xogos ao aire libre, deporte e retos de lóxica. As prazas son limitadas e haberá dúas localizacións: Galeras e Feáns.

O Campamento Feáns desenvolverase do 22 ao 26 de xuño na rúa Feáns, 1, nas instalacións da Academia New York. Pola súa banda, o Campamento Galeras celebrárase

do 29 de xuño ao 31 de xullo na rúa Galeras, 17, na Academia Speak English. En ambos os casos, o horario será de 9.00 a 14.00 horas, con entrada flexible para facilitar a organización das familias.

A programación aposta por aprender facendo e xogando. Entre as actividades tecnolóxicas figuran a programación e a robótica con Lego e outros kits educativos, o deseño de espazos, xogos ou escenas en realidade virtual con visualización mediante lentes VR e a programación ou pilotaxe de drones. O obxectivo é estimular a creatividade, o pensamento lóxico e a resolución de problemas dun xeito práctico e divertido.

A parte tecnolóxica completárase con propostas de lecer e tempo libre. A rapazada participará en buscas do tesouro, xogos de pistas e orientación, aproveitando o entorno natural, ademais de practicar deportes ao aire libre como tenis, bádminton, fútbol, voleibol ou baloncesto. Tamén haberá xogos de lóxica e enxeño, retos visuais, xogos de construción, acertixos, estratexia e experimentos científicos.

As tarifas son de 76 € para o Campamento Feáns e de 95 € por semana completa no Campamento Galeras. Tamén existen diferentes descontos e a posibilidade de asistir días soltos, a 20 € por xornada. ■

Campamentos en Santiago con Aula Desafío

Robótica e deportes ao aire libre

En plena natureza

Camping rural Ría de Arosa 2

¡respira hondo!

www.rural.campingriadearosa.com

Queremos que no te apetezca salir de nuestras instalaciones en tus vacaciones! Hemos pensado cada detalle para que disfrutes como un niño.

BUNGALOWS

PARQUE INFANTIL

CAMAS ELÁSTICAS

ZONA ACAMPADA

TREN INFANTIL

Reservas:
981 865 911
Santa Uxía de Ribeira (A Coruña)
Balteiro-Oleiros

- Bar-Restaurante
- Supermercado
- Servicio de asistencia sanitaria
- Piscina de adultos
- WIFI gratis en todo el camping
- Monitores de tiempo libre
- Excursiones cicloturísticas, marítimas y senderismo
- Cancha multiusos (fútbol sala, baloncesto)
- Mesas de Ping-pong
- Piscina de chapoteo
- Parque infantil
- Cancha de tenis
- Tiro con arco
- Trekking
- Animación infantil
- Cuadríciclos
- Camas elásticas

Verán 2026



CEDIDA

Nenas e nenos xogando no campamento de verán do ano pasado.

A Casa do Rock afina un verán do máis musical

A proposta, para a cativada de 3 a 12 anos, combina xogos, instrumentos, ritmo, movemento e obradoiros creativos arredor da música moderna

Redacción

A Casa do Rock prepara un campamento de verán pensado para que os nenos e nenas de 3 a 12 anos se acheguen ao mundo da música dun xeito lúdico, práctico e divertido. A proposta combina aprendizaxe musical, xogo, expresión corporal e creatividade, co obxectivo de fomentar tanto o desenvolvemento intelectual como corporal da rapazada.

Durante o campamento, os participantes traballarán conceptos como o ritmo, o son, a entoación, a coordinación, a percepción auditiva ou o canto. Tamén poderán manipular instrumentos clásicos e modernos, distinguir sons, voces e instrumentos, practicar a percusión corporal e crear pequenas secuencias de movemento inspiradas nas emocións que transmite a música.

Un dos atractivos da actividade será a posibilidade de tocar en grupo e formar pequenas bandas na aula, empregando baterías, ukeleles, baixos, gita-



CEDIDA

Neno tocando unha guitarra eléctrica no campamento do pasado verán.

ras eléctricas e clásicas, teclados ou instrumentos de pequena percusión. Ademais, a rapazada coñecerá diferentes estilos da música moderna.

O campamento incluírá obradoiros de manualidades para recoñecer notas e figuras musicais, a elaboración

de instrumentos con materiais reciclados, o deseño de chapas personalizadas e actividades para manipular os instrumentos con maior precisión.

O prezo semanal é de 103 euros, agás a semana do 22, 23, 25 e 26 de xuño, que terá un custo de 82,40 euros. ■

Flying Fun: aprender inglés é divertido!



CEDIDA

Rapazada durante unha das clases.

Redacción

Flying Fun prepara en Santiago un campamento de verán pensado para que os nenos e nenas aprendan inglés dun xeito divertido, dinámico e personalizado. A actividade desenvolverase desde o 22 de xuño, durante o mes de xullo e tamén en setembro, cun horario amplo de mañá, entre as 8.45 e as 14.45 horas.

A proposta está dirixida a nenos e nenas de 3 a 10 anos e desenvolverase 100 % en inglés. O obxectivo é combinar diversión e aprendizaxe a través de actividades educativas, xogos interactivos, experiencias creativas e propostas adaptadas á idade dos participantes.

Flying Fun preséntase como un espazo creativo situado en Santiago no que a rapazada pode achegarse ao inglés nun entorno próximo, moderno e divertido. O seu método combina aprendizaxe, creatividade e experiencias participativas para favorecer tanto as habilidades lingüísticas como o desenvolvemento persoal dos nenos e nenas.

O centro ofrece inglés creativo para nenos, actividades educativas dinámicas, xogos, aprendizaxe interactiva, campamentos e propostas de



CEDIDA

A aprendizaxe é dinámica.

creatividade infantil. As familias interesadas poden solicitar máis información no teléfono 624 132 122.

Verán en Dodro

Pola súa banda, o Concello de Dodro organiza tamén un campamento deportivo de verán entre o 1 e o 10 de xullo, en horario de mañá, para ofrecer á rapazada a posibilidade de practicar actividade física e deporte ao aire libre. A actividade está destinada a nenos e nenas de entre 7 e 15 anos e a inscrición realizarase no Departamento de Deportes. ■

A CASA DO ROCK

CAMPAMENTO MUSICAL URBANO

XUÑO XULLO SETEMBRO

DE LUNS A VENRES DE 9 H A 14 H

+3 ANOS

DESCONTO 2º IRMÁN

ROSALÍA DE CASTRO Nº33 SANTIAGO DE COMPOSTELA | 881 97 96 60 | WWW.ACASADOROCK.COM